

Mercado laboral galego. Ano 2003



Gabinete Técnico Confederal

MERCADO LABORAL GALEGO 2003.

Como tódolos anos, cando o Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), publica os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), correspondentes ó cuarto trimestre, permítenos facer a avaliación anual do mercado laboral.

No ano 2003, a evolución das principais variables, son as que se amosan a continuación:

	2002	2003	Diferencias	
			Absolutas	Relativas
Pob maior de 16 anos	2.372,2	2.380,9	8,7	0,3
Activos	1.220,5	1.265,2	44,7	3,6
Ocupados	1.072,2	1.105,4	33,2	3,1
Parados	148,3	159,8	11,5	7,7
Inactivos.	1.151,8	1.115,7	-36,1	-3,1

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais

Destacaríamos, en primeiro lugar, que se produce un aumento importante dos activos en Galicia durante este ano, activos que proceden maioritariamente da poboación que antes permanecía inactiva, e non tanto, dun medre da poboación en idade de traballar. É dicir, mentres a poboación en idade de traballar medra un 03% (8.700 persoas máis), a poboación activa aumenta nun 3,6% (44.700 persoas máis), nutréndose fundamentalmente da inactivos anteriores, cuxo porcentaxe descende un 3,1% (36.100 en termos absolutos).

Este medre da poboación activa, que se produciu nos dous sexos, foi maior entre as mulleres, entre as que aumentou un 5,7%, 29.800 activas máis; entre os homes o medre foi do 2,1%, 14.900 novos activos.

A pesar deste medre importante da poboación activa neste ano, a taxa de actividade sitúase non 53,1%, 2,3 puntos por debaixo da media estatal. No caso das mulleres tan so acada ó 43,8% das maiores de 16 anos, 20 puntos por debaixo da dos homes que alcanza ó 63,6%.

Destes novos activos, un número importante atopou emprego, pero tampouco é nada desprezable o número que pasou a engrosar a lista de desempregados.

Esta cativa taxa de actividade, sobre todo entre as mulleres, pon ó descuberto un dos grandes problemas do mercado laboral galego: cunha parte moi importante da poboación, sobre todo d mulleres, en idade de traballar, nin tan sequera acceden e ó mercado de traballo.

A explicación pode estar en que non se confía en atopar un traballo co cal a xente se desanima, ou, e isto é o máis determinante, que a falla dunha rede sólida de protección social, de protección da familia, e unhas condicións

laborais adecuadas, non permite o un número importante de persoas saír fora da escena familiar.

Evolución da ocupación.

O ano 2003, aínda que en termos globais presenta un crecemento nada desdeñable da ocupación en Galicia, nada que afondemos na análise vemos que se producen feitos preocupantes na evolución da mesma.

	S primario	Industria	Construcción	Servicios	Total
1996	229,5	148,2	99,8	465,9	943,5
1997	193,5	159,0	104,4	483,0	939,8
1998	181,0	172,1	104,4	504,1	961,6
1999	171,9	180,3	112,8	523,6	988,5
2000	174,7	186,2	123,8	550,8	1.035,4
2001	158,3	206,5	130,3	567,6	1.062,7
2002	138,1	218,1	133,4	582,6	1.082,2
2003	136,7	214,6	129,4	624,7	1.105,4

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais

Desde o ano 1996, salvo no sector primario que constantemente ven perdendo ocupación, no resto dos sectores en tódolos anos se producen crecementos ata 2003. Neste último ano, prodúcese un cambio preocupante na evolución sectorial do emprego: tan só no sector servicios se crea emprego, no resto descende, e, en termos nada depreciables.

As diferencias tanto absolutas como relativas son as expostas a continuación:

Evolución sectorial do emprego:

	2002	2003	Diferencias	
			Absolutas	Relativas
S. Primario	138,1	136,7	-1,4	-1,02
Industria	218,1	214,6	-3,5	-1,6
Construcción	133,4	129,4	-4,0	-3,0
Servicios	582,6	624,7	42,1	7,2
Total	1.072,2	1.105,4	33,2	3,1

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais

Vemos como o único sector que ten unha contribución positiva ó emprego no ano 2003 foi o sector servicios: os servicios en Galicia non é un sector especialmente competitivo que poida manterse por si mesmo; salvo no relacionado co turismo que pode estar ó marxe da economía galega, nas outras ramas que o compoñen precisan do restos dos sectores para manterse, polo que unha evolución negativa dos mesmos, a medio/longo prazo vai afectar os servicios.

É neste senso onde nos parece preocupante como evoluiu o emprego neste último ano, quizá é mellor, ou cando menos máis perdurable no tempo unha taxa de crecemento máis cativa pero máis equilibrada sectorialmente. Non

podemos esquecer olvidar que a construción e a industria que eran os motores da economía galega neste últimos ano, perderon un 3% e un 1,6% de emprego respectivamente en 2003.

Dada esta situación, convén analizar a evolución das distintas ramas de actividade que compoñen os principais sectores productivos:

	2002	2003	Diferencias	
			Absoluta	Absoluta
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	108,9	109,7	0,8	0,7
Pesca e piscicultura	29,2	27,0	-2,2	-7,5
Industrias extractivas	9,6	9,8	0,2	2,0
Prod, transp e distrib. de enerxía eléctrica, gas e auga	5,3	5,5	0,2	3,7
Coquerías, fab. de prod químicos e prod de metais	17,5	21,0	3,5	20,0
Fab. de prod metál. Const.de máq. e mat mecánico	20,2	26,9	6,7	33,1
Fabricación material de transporte	46,2	39,4	-6,8	-14,7
Industrias de produtos aliment, bebidas e tabacos	38,2	40,6	2,4	6,2
Industrias de téxtil, coiro e calzado	32,3	26,3	-6,0	-18,5
Industrias de madeira e cortiza	20,9	17,9	-3,0	-14,3
Industrias de papel, artes gráficas e edición	7,7	6,4	-1,3	16,8
Outras industrias manufactureiras	20,2	20,8	0,6	2,9
Construcción	133,4	129,4	-4,0	3,0
Comercio por xunto e polo miúdo	133,1	139,6	6,5	4,8
Venda, repar e mant. veh motor. Gasolineiras	24,8	29,7	4,9	19,7
Hoteles, restaurantes e bares	58,5	57,6	-0,9	-1,5
Transporte e comunicación	52,5	56,5	4,0	7,6
Institucións financeiras e de seguros	20,7	19,7	-1,0	-4,8
Educación	54,9	57,5	2,6	4,7
Sanidade	56,3	57,7	1,4	2,4
Administración pública, defensa e S.S.	62,1	76,6	14,5	23,3
Outros servicios	119,7	129,8	10,1	8,4
TOTAL	1.072,2	1.105,4	33,2	3,1

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais.

Ó analizar a evolución por ramas de actividade a situación é realmente preocupante:

- ✓ En pesca e acuicultura descendeu a ocupación un 7,5%. Xunto o tema do *prestige*, temos que engadir o recorte de capturas ó que ano tras ano se ve sometido o noso sector pesqueiro, despois deste recorte son tan so 27.000 os ocupados no mesmo. En 1996 eran 32.000 os galegos traballando neste sector.
- ✓ A agricultura tivo un comportamento positivo neste ano, cun lixeiro medre da ocupación na mesma, aínda que pouco significativa. Medrou un 0,7 o número de ocupados. En calquera dos casos xa esta por debaixo da construción no que a ocupación se refire.
- ✓ Adentándonos no sector industrial a evolución é moi preocupante, dicíamos anteriormente que en conxunto perdeu un 1,6% do emprego

en 2003; a evolución das distintas ramas de actividade que a compoñen foi moi desigual:

- Ramas importantes, por volume de ocupación e valor engadido, como son material de transporte, industria do téxtil e da madeira, sofren recortes moi importantes na ocupación neste ano.

A explicación é diferentes en cada rama. A crise que atravesamos a construción naval, así como a deslocalización industrial que están practicando algunhas industrias, especialmente no téxtil, pode explicar en parte esta situación

- No reverso da moeda, está fabricación de produtos químicos e metálicos, así como a industria do papel co medres nada desprezables do emprego no seu seo.
- ✓ Os fortes incrementos de ocupación a que o sector da construción nos tiña acostumados nos últimos anos, parece que tocaron fin, o descenso do emprego foi de 4.000 persoas, un 3% en termos relativos.
 - ✓ Dentro do sector servicios, que en conxunto ampliou nun 6,2% o número de ocupados, e foi capaz de compensar a evolución negativa dos restantes sectores, gracias a cal se rematou o ano cun crecemento neto do emprego en Galicia; a evolución das distintas ramas que o compoñeren tamén foi desigual:
 - Administración pública, defensa e seguridade social foi onde se crea a maioría nos novos postos de traballo, 14.500, un 23,3% máis dos contabilizados en 2002. Non podemos esquecer a evolución do pequeno comercio así como doutros servicios, con aportes importantes a ocupación neste ano.
 - Pola contra en hoteis, restaurantes e bares, así como nas institucións financeiras e de seguros producíronse descensos na ocupación, dun 1,5% e 4,8% respectivamente.

Como se distribuíron este novos ocupados por categorías profesionais tamén é importante coñecelo:

	2002	2003	Diferencias	
			Absolutas	Relativas
Empresarios	251,8	255,3	3,5	1,3
Axudas familiares	35,4	30,7	-4,7	-13,2
Asalariados/as	780,8	818,8	38,0	4,8
Outros	4,2	0,7	-3,5	-83,3
Total	1.072,2	1.105,4	33,2	3,1

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais. Datos miles.

Os novos ocupados son maioritariamente asalariados, aínda que tamén medrou o número de empresarios/autónomos nun 1,3%, 3.500 persoas, os asalariados aumentaron un 4,8%: 38.000 novas persoas. Con estes datos, a taxa de asalarización en Galicia é do 74%; é dicir, de cada 100 ocupados 74 están como asalariados. 1,2 puntos superior a 2002.

O grave é que a maioría destes novos asalariados entran no mercado laboral cun contrato temporal. En 2003 a taxa de temporalidade quedou como segue:

Porcentaxe de asalariados segundo tipo de contrato e sexo

	2002			2003		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
C. Indefinido	67,2	62,0	65,2	67,7	63,1	65,9
C. temporal	32,8	38,0	34,8	32,2	36,8	34,0

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais. Datos en %.

A taxa global de temporalidade situouse no 34% no ano 2003, 8 décimas por debaixo da acadada en 2002.

A temporalidade alcanza ó 34% dos asalariados.

As diferencias por sexos seguen sendo considerables, pese a que en ámbolos sexos descendeu lixeiramente con respecto a 2002, a taxa de temporalidade entre os homes sitúase no 32,2% e entre as mulleres no 36,8.

Son en total, homes e mulleres, 278.900 os asalariados que ó longo de 2003 tiveron un contrato temporal. Se dividimos o número de contratos rexistrados de carácter temporal no INEM nese ano que foron 682.766, entre os asalariados con contrato temporal, calculamos a rotación do emprego, é dicir, o número medio de contratos que tiveron estes temporais en 2003, é foi 2,4.

Cada asalariado con contrato temporal asinou unha media de 2,4 contratos no ano 2003.

A rotación do emprego é maior entre as mulleres:

- Os homes con contrato temporal asinaron de media 2,3 contratos.
- As mulleres asinaron unha media de 2,6 contratos.

No que atinxe á ocupación por sexos, no ano 2003 medrou máis o emprego feminino que o masculino, como vemos a continuación:

Ocupación por sexos:

	2002	2003	Evolución	
			Absoluta	Relativa
Home	646,8	659,8	13,0	2,01
Muller	425,4	445,7	20,3	4,70
Total	1072,2	1.105,4	33,2	3,10

Fonte: EPA. Datos en miles. Medias anuais.

Deuse un aumento importante da ocupación feminina no último ano, das 29.800 mulleres que no ano 2003 se incorporaron ó mercado de traballo en Galicia, 20.300 atoparon emprego, polo que o número de ocupadas medra un 4,7% con respecto ó ano anterior. Son 445.700 as mulleres traballando nestes intreos en Galicia.

O problema é, como vimos antes, que as mulleres acceden o emprego cunha alta taxa de temporalidade e cunha elevada rotación no emprego.

Entre os homes a ocupación medrou un 2,01%.

A distribución provincial foi a seguinte:

	2002	2003	Diferencias	
			Absolutas	Relativas
A Coruña	432,7	456,9	24,2	5,6
Lugo	141,9	144,3	2,4	1,7
Ourense	134,9	130,6	-4,3	-3,2
Pontevedra	362,6	373,6	11,0	3,0
Total	1.072,2	1.105,4	33,2	3,1

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais. Datos miles.

A tendencia foi positiva en tódalas provincias salvo na de Ourense que perdeu un 3,2% dos seus ocupados no ano 2003; así con 130.600 é a provincia con menos ocupados, o 11,8% do total de Galicia. Tódolos sectores productivos, salvo a construción, perderon ocupación neste ano nesta provincia, destacando o forte descenso do sector industrial cun 7,7% de perda de emprego medio no ano.

Onde máis medrou a ocupación foi en A Coruña na que medrou un 5,6% o número de ocupados, o que en termos absolutos significa 24.200 novos empregos. A maioría destes novos ocupados sitúanse no sector servizos, no que medra o emprego un 11,8%, tamén medra no sector primario un 5,7%. En Construción e industria pérdese emprego.

Na provincia de Pontevedra hai un 3% máis de ocupados que no ano 2002, ocupados que se reparten entre construción (medra un 7%) e servizos cun 6,6% máis.- tanto no sector primario como na industria destrúese emprego.

En Lugo medrou un 1,7% o emprego en 2003, emprego que se repartiu entre o sector primario, industria e servicios; pola contra a construción perdeu un 16,4% dos seus ocupados,.

Evolución do paro.

O paro estimado segundo a EPA medrou un 7,7% no ano 2003 en Galicia, o que sitúa a taxa de paro no 12,2%, 1 punto por enriba da media estatal e catro décimas máis que no ano 2002. Son 159.800 os parados estimados en Galicia no ano 2003.

Destes 159.800 parados, 100.100 son mulleres, o que equivale ó 62% do total, é dicir, de cada 100 parados que hai en Galicia 62 son mulleres; esto a pesar de que as mulleres teñen unha taxa de actividade moi inferior á dos homes, como xa anunciamos no inicio deste documento.

A evolución por sexos e grupos de idade da taxa de paro foi a seguinte:

Taxas de paro por idade e sexo.

Idade	Homes		Mulleres		Total	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003
De 16 a 19 anos	27,3	22,6	29,5	33,1	28,1	26,1
De 20 a 24 anos	16,6	17,4	33,8	37,4	23,9	26,3
De 25 a 54 anos	7,1	7,4	17,5	17,4	11,6	11,8
Máis de 55 anos	5,6	4,9	4,2	7,8	5,0	6,0
Total	8,2	8,3	17,5	18,3	12,2	12,6

Fonte: EPA. IGE. Medias anuais. Datos en %.

O medre das taxas de paro prodúcese fundamentalmente entre as mulleres e sobre todo entre as máis novas onde medra por encima dos 4 puntos, acadando taxas moi superiores ó 30%; así entre as mulleres de entre 20 a 24 anos a taxa de paro está preto do 40%

A taxa de paro feminina supera en 10 puntos á masculina.

Estábamos acostumados a que as taxas de paro entre as mulleres duplicasen á dos homes, no ano 2003 abriuse amplamente esta brecha.

Dos datos anteriores podemos extraer:

- ✓ A taxa de paro medrou 4 décimas no 2003.
- ✓ A taxa de paro entre as mulleres medrou máis que entre os homes, 8 e 1 décimas respectivamente.

- ✓ Entre os menores de 25 anos a taxa de paro duplica a media, sitúase por encima do 26%.
- ✓ O maior crecemento produciuse entre as mulleres mozas. Nas mulleres de entre 20 a 24 anos a taxa de paro medrou preto de 4 décimas.

Ó longo do 2003 o paro medrou entre tódolos colectivos, independentemente do tempo que levaran á procura de emprego. O medre menor produciuse entre os menores de 6 meses, aínda así aumentaron un 2,1% e acadan o 33% do total.

No resto dos colectivos, o número aumentou por encima do 10%.

Os parados que levan máis de 2 anos á procura de emprego, e que polo tanto están fora das prestacións contributivas da seguridade social, son o 28,6% do total, un 10,4% máis que no ano 2002.

No que atinxe á poboación inactiva, descendeu un 3,1% e alcanza o 1.115.700 persoas, das cales o 62,5% superan os 55 anos.

Natividad López Gromaz.
Gabinete Técnico Confederal. CIG